



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Ref^a: 19x350130523

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-8-2019

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día vinte e un de agosto de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

13/523 BASES DO PROCESO DE PRESELECCIÓN DUNHA LISTAXE DE CANDIDATOS, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE DOUS POSTOS DE TRABALLO DE TÉCNICO/A MEDIO DE ORIENTACIÓN PROFESIONAL SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Vicesecretaria, do 20 de agosto de 2019, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Vista a orde do 10 de xaneiro de 2019, publicada no DOG nº 30, do 12 de febreiro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2019. Cod. Exte. 3R331A

Visto que se subvenciona a este Concello a contratación de dous postos de traballo de técnico/a medio de orientación profesional de acordo coa resolución do 31.07.2019 (RE do 5 de agosto) emitida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

As retribucións brutas totais anuais ascenden a 32.272,56 euros.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Alcalde Presidente en funcións do Concello de Lugo (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Local Sostible (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMPSdeG-PSOE) e a Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión Social (GMPSdeG-PSOE), **ACORDA** a aprobación das bases que rexerán a convocatoria para a contratación temporal de dous Técnicos/as Medios de Orientación Profesional, mediante contrato laboral temporal co contido seguinte:

“BASES DO PROCESO DE PRESELECCIÓN DUNHA LISTAXE DE CANDIDATOS, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE DOUS POSTOS DE TRABALLO DE TÉCNICOS/AS MEDIOS DE ORIENTACIÓN PROFESIONAL

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 19x350130523

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-8-2019

SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

1. - OBXECTO DA CONVOCATORIA

1.1.- Esta convocatoria ten por obxecto a provisión como persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición de dous postos de traballo de Técnico Medio de Orientación Profesional, que estenderá a súa vixencia dende a sinatura do contrato ata o 12 de setembro de 2020, consonte a subvención concedida ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia do 10 de xaneiro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de orientación laboral no ano 2019.

As persoas seleccionadas prestarán os seus servizos no Espazo Lab e CEI NODUS do Concello de Lugo.

1.2.- O procedemento de preselección dos/as aspirantes será o de concurso-oposición, conforme o baremo de méritos e probas previstas nestas bases.

2.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

A modalidade de contratación será a de contrato laboral temporal "contrato para obra ou servizo determinado" previsto no artigo 15.1.a do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, e no artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e estará vinculado ao financiamento do servizo por parte da Xunta de Galicia.

A xornada laboral será a tempo completo consonte a establecida pola normativa vixente aplicable no momento de formalización do contrato.

As funcións do posto axústanse para a realización do servizo ao establecido no artigo 8 do Real decreto 7/2015, do 16 de xaneiro, polo que se aproba a Carteira común de servizos do sistema nacional de emprego, incluíndo as seguintes actividades segundo a orde da convocatoria:

- a) Diagnóstico individualizado e elaboración do perfil ocupacional da persoa demandante de emprego.
- b) Deseño do itinerario personalizado para o emprego.
- c) Acompañamento personalizado no desenvolvemento do itinerario e o cumprimento do compromiso de actividade.
- d) Deseño, planificación e execución de accións grupais de orientación laboral que poidan ser de interese, en función dos perfís das persoas orientadas, tanto para mellorar a eficiencia do servizo como para fomentar a interrelación e o intercambio de experiencias entre elas.
- e) Asesoramento e axuda técnica adicional para:
 - 1º. A definición do currículo das persoas usuarias, provisión de instrumentos e técnicas de axuda para a elaboración do seu currículo personalizado ou o uso de